

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA  
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

# Historia

Mónica Moreno Seco



2020  
Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo



# HISTORIA

Mónica Moreno Seco

2020  
Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo

## GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero  
da Xarxa Vives d'Universitats

**Elena VILLATORO BOAN**, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación de Vida Laboral e Familiar, Universidade Abat Oliba CEU • **Mª José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universidade de Alacante • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora da Reitoría en Internacionalización e Relacións institucionais, Universidade de Andorra • **Joana GALLEGO AYALA**, directora do Observatorio para a igualdade, Universidade Autónoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade CEU Cardeal Herrera • **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universidade de Xirona • **Esperança BOSCH FIOL**, directora e coordinadora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universidade das Illas Baleares • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universidade Internacional de Cataluña • **Mercedes ALCANIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universidade de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Miguel Hernández de Elche • **María OLIVELLA QUINTANA**, directora do Grupo de Igualdade de Xénero, Universidade Aberta de Cataluña • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universidade de Perpignan Via Domitia • **Sílvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universidade Politécnica de Cataluña • **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universidade Politécnica de Valencia • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de relacións internacionais e estudantes, Universidade Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universidade Rovira i Virgili • **Amparo MANÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Valencia • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Vic - Universidade Central de Cataluña

### Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal  
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,  
Universidade de Vigo, 2020, desta edición

#### Tradución

Milena Vázquez Fernández

#### Deseño e maquetación

José María Gairí

#### Edición técnica

Servizo de Publicacións

Universidade de Santiago de Compostela

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

[usc.gal/publicacions](https://usc.gal/publicacions)

#### Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0  
<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

# •• ÍNDICE

<b>Presentación</b> .....	5
Artes e Humanidades.....	6
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	7
Ciencias.....	7
Ciencias da Vida.....	7
Enxeñarías.....	7
<b>01. Introducción</b> .....	8
<b>02. Implicacións da cegueira de xénero</b> .....	9
<b>03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia</b> .....	11
<b>04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na historia</b> .....	14
Obxectivos das materias/módulos.....	14
Contidos das materias/módulos.....	15
Avaliación das materias.....	19
Modalidades organizativas das dinámicas docentes.....	20
Métodos docentes.....	21
<b>05. Recursos docentes</b> .....	23
Publicacións.....	23
Páxinas web.....	25
<b>06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero</b> .....	26
<b>07. Recursos pedagóxicos</b> .....	29
Webgrafía.....	29
Bibliografía de referencia.....	29
Plans docentes.....	30
<b>08. Para afondar</b> .....	31



## •• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero ou *Gender mainstreaming* é unha política integral para promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en conta as características, as necesidades e os intereses tanto de mulleres como de homes, distinguindo os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e da masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives de Universidades (XVU) promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, especialmente no ámbito de acción da perspectiva de xénero. É oportuno lembrar que as políticas que non teñen en conta estes roles diferentes e estas necesidades diversas, e, por tanto, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, a través da cal lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e buscamos fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha parte, se se afonda na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, tanto a nivel teórico como empírico, que se producen cando se parte do home como referente universal ou non se ten en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes. Deste xeito, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re) producidas.

Da outra, fornecer ao alumnado novas ferramentas para identificar os estereotipos, normas e roles sociais de xénero contribúe a desenvolver o seu espírito crítico e a que adquiera competencias que lle permitan evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas que aseguren que se atende á diversidade do estudantado.

O documento que tes nas túas mans é froito do plan de traballo bianual 2016/17 do Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero, na docencia e na investigación universitaria. Nunha primeira fase, o informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les Universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universidade Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universidade de Xirona), constatou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria seguía sendo un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo, estatal e dos territorios da XVU.

Un dos principais retos identificados neste informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao era a necesidade de formar o profesorado nesta competencia. Nesta liña, apuntábase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden o profesorado a facer unha docencia sensible ao xénero. Así, nunha segunda fase, elaborouse o recurso *Guies per a una docència universitària amb perspectiva de gènere*, baixo a coordinación de Teresa Cabruja Ubach, M.<sup>a</sup> José Rodríguez Jaume (Universidade de Alacante) e Tània Verge Mestre. Elaboráronse en conxunto once guías, entre unha e catro por ámbito de coñecemento, que foron encargadas a profesoras expertas na aplicación da perspectiva de xénero na súa disciplina de diferentes universidades:

### Artes e Humanidades

**Historia:** Mónica Moreno Seco (Universidade de Alacante)

**Historia da Arte:** Maria Lluïsa Faxedas Brujats (Universidade de Xirona)

**Filoloxía e Lingüística:** Montserrat Ribas Bisbal (Universidade Pompeu Fabra)

**Filosofía:** Sonia Reverter-Bañón (Universidade Jaume I)



### Ciencias Sociais e Xurídicas

**Dereito e Criminoloxía:** María Concepción Torres Díaz (Universidade de Alacante)

**Socioloxía, Economía e Ciencia Política:** Rosa Maria Ortiz Monera e Anna Maria Morero Beltrán (Universidade de Barcelona)

**Educación e Pedagogía:** Montserrat Rifà Valls (Universidade Autónoma de Barcelona)

### Ciencias

**Física:** Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

### Ciencias da Vida

**Medicina:** María Teresa Ruiz Cantero (Universidade de Alacante)

**Psicoloxía:** Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universidade das Illas Baleares)

### Enxeñarías

**Ciencias da Computación:** Paloma Moreda Pozo (Universidade de Alacante)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias impartidas non implica máis que unha reflexión sobre os diferentes elementos que configuran o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo do sexo e do xénero como variables analíticas clave. Para poder revisar as vosas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atoparedes recomendacións e indicacións que cobren todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, exemplos e linguaxe utilizados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. Despois de todo, incorporar o principio de igualdade de xénero non é só unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

Teresa Cabruja Ubach, María José Rodríguez Jaume e Tània Verge Mestre

Coordinadoras

## •• 01. Introducción

Nesta guía, Mónica Moreno Seco, profesora de Historia Contemporánea na Universidade de Alacant (UA), dá a coñecer a súa experiencia na investigación histórica con enfoque de xénero na aula universitaria, con recomendacións toman como punto de referencia as consecuencias de que o pasado (a historia dos acontecementos, dos fitos sociais, políticos ou económicos) fose analizado e descrito cunha mirada nesgada, que invisibiliza o concurso e os proxectos das mulleres ou das persoas que escapan dos modelos normativos. De igual maneira, tal ollada non cuestiona o pasado da realidade social, que tamén moldeou a historia (a relación co corpo, coa vida privada e cotiá ou cos movementos sociais, por exemplo).

A **cegueira de xénero na historia**, conclúe, reproduce un relato convencional do pasado incompleto e pouco axustado á realidade histórica, que establece unha xerarquización intencionada e pouco rigorosa das accións, as ideas e os principios dos seres humanos.

A guía exemplifica a inclusión da perspectiva de xénero na docencia universitaria a través das materias de Historia e Xénero, Historia Universal do Século XX e Historia de España do Século XX, do plan de estudos do grao en Historia da Universidade de Alacant. A respecto da segunda e a terceira, recóllense propostas **transversais** que se poden extrapolar a aquelas materias que tradicionalmente obviaron a achega que ofrece o enfoque de xénero. A guía propón tamén recomendacións para incluír a perspectiva de xénero na elaboración e presentación de traballos de fin de grao (TFG) e traballos de fin de máster (TFM). Así mesmo, recolle un amplo abano de recursos docentes e pedagóxicos de fácil acceso que facilitarán o labor de levar ás aulas a historia cun enfoque de xénero.

Por veces enfrontámonos ao escepticismo que o enfoque de xénero produce entre docentes e discentes. A profesora Mónica Moreno explica que unha ferramenta útil para trasladar a importancia da perspectiva de xénero no contexto universitario é recorrer a outros eixes que determinan desigualdades, por exemplo, a ideoloxía racista. Tampouco obvia a achega que para a análise histórica supón ter en conta a interseccionalidade do xénero con outras categorías de análise como a clase social, a relixión, a raza, a idade, a identidade sexual etc.

## •• 02. Implicacións da cegueira de xénero

A tradicional falta de incorporación da perspectiva de xénero no estudo da historia supuxo unha mirada nesgada ao pasado, con estas dúas consecuencias fundamentais:

- a) Por unha parte, centrar o interese historiográfico en experiencias e iniciativas protagonizadas por homes, ben fosen líderes e personalidades destacadas ou ben se tratase de colectivos descritos en masculino (exército, organizacións políticas, movemento obreiro, por exemplo). En poucas ocasións se destacaron a actuación e os proxectos das mulleres ou das persoas que non se axustasen aos modelos normativos, máis alá de contadas raíñas ou dirixentes políticas.
- b) Por outra parte, a cegueira de xénero implica limitar as preguntas e a atención da historiografía a ámbitos da realidade vinculados a espazos de poder como a acción política ou as guerras, e a valores atribuídos á masculinidade, como a competencia, a agresividade ou a audacia. Son desterradas moitas outras facetas da realidade social no pasado, como a relación co corpo, a vida privada e cotiá ou os novos movementos sociais, e actitudes como a empatía, o coidado ou a mediación, entre outras. En definitiva, este relato convencional do pasado resulta incompleto e pouco axustado á realidade histórica, xa que establece unha xerarquización intencionada e pouco rígorosa das accións, as ideas e os principios dos seres humanos.

A historiografía feminista comezou nos anos setenta a cuestionar esta visión do pasado e a reclamar a incorporación das mulleres á narración histórica. En palabras de Sohn e Thelamon: «É posible unha historia sen as mulleres?». Por iso, foi necesario demostrar que as mulleres tiñan historia, é dicir, que eran suxeitos históricos de pleno dereito. Como resultado, avanzouse nunha historia contributiva que engadía a experiencia das mulleres no relato convencional. Na década seguinte, Scott (2008) propuxo dar un

paso máis e introducir o xénero como categoría da análise historiográfica, para superar discursos esencialistas, insistir no carácter cultural, é dicir, histórico e cambiante, das identidades e estudar as relacións de poder entre mulleres e homes.

Neste sentido, nos últimos anos asistíuse a un crecente interese historiográfico polas masculinidades e as identidades non normativas. Na medida en que todos estes logros se vaian incorporando á investigación e á docencia, será posible recuperar voces de colectivos subordinados, descubrir asimetrías, ampliar o repertorio de obxectos de estudo e reformular interpretacións co obxectivo de ofrecer unha nova mirada ao pasado que debe servir para coñecer o presente de forma crítica e camiñar cara a unha sociedade máis igualitaria, pacífica e inclusiva.

## •• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

A historia é unha disciplina privilexiada para explicar a diferenza entre sexo e xénero, xa que permite comparar os valores atribuídos á masculinidade e á feminidade en diferentes etapas históricas, e comprender o seu carácter cultural, superando discursos que naturalizan a diferenza e establecen unha contraposición empobrecedora entre binarismos. Por exemplo, a diferente valoración da maternidade en épocas en que os lazos afectivos entre nais e fillos e fillas soamente se establecían unha vez que as criaturas conseguían unha idade en que o risco de mortalidade era reducido e outras en que se mitificou o denominado instinto maternal. Así mesmo, os coidados do corpo, os ornamentos e as vestimentas cambiaron no tempo, de modo que a lonxitude do cabelo, o uso de maquillaxe ou de túnicas non sempre foron asignados a un único sexo en todas as etapas históricas.

Con todo, insistencia no cambio e, por tanto, no carácter construído das identidades de xénero non debe levar a expor unha concepción do tempo lineal, que pode ofrecer unha evolución ascendente e mecánica cara a unha maior igualdade, senón a sinalar as tensións entre novidade e continuidade en diferentes contextos, ben como a posibilidade, en calquera momento histórico, dun auxe das situacións de inxustiza e iniquidade. Doutro lado, tamén é pertinente sinalar na docencia da historia con perspectiva de xénero que o sexo biolóxico tamén está sometido a procesos de construción histórica.

Unha ferramenta moi útil para explicar a importancia da perspectiva de xénero na docencia é o recurso a outros eixes de desigualdade, porque a inconsistencia dos discursos racistas, por exemplo, axuda a cuestionar os discursos da diferenza sexual. A interseccionalidade do xénero con outras categorías de análise como a categoría social, o estamento, a clase, a relixión, a raza, a idade, a identidade sexual ou a nación, entre moitas outras, así mesmo, fai posible introducir matices e insistir na heteroxeneidade e a

pluralidade de experiencias dos suxeitos históricos. É dicir, axuda a chegar a unha interpretación da historia que deixa de lado as xeneralizacións e os esencialismos para mostrar a riqueza e diversidade de actuacións, propostas, emocións e desexos dos seres humanos.

Deste xeito, ademais, o alumnado estará previsto fronte aos relatos que retratan as mulleres como vítimas ou heroínas e será capaz de propoñer unha aproximación ao pasado que insista na capacidade das mulleres e de todo individuo para reformular e negociar de maneira máis ou menos transgresora os discursos normativos do contexto histórico en que vive e as propias contradicións.

Superar unha historia androcéntrica significa facérmonos preguntas como esta: «Tiveron as mulleres Renacemento?» (Kelly-Gadol), que serven para cuestionar algunhas interpretacións asentadas na historiografía tradicional, chamar a atención sobre o esquecemento da experiencia histórica das mulleres e sobre a necesidade de repensar a división cronolóxica do pasado ou a selección de feitos e procesos históricos considerados fundamentais, que son susceptibles de modificación se se introducen novos suxeitos históricos con experiencias diversas ás dos homes occidentais de clase media e heterosexuais. Así podería presentarse unha historia desde abaixo, desde os suxeitos subordinados, que incida máis nos movementos transnacionais que nos conflitos internacionais, e incorporar cuestións como a importancia da vida privada, os procesos de socialización, os estereotipos que afloran nos discursos que emanan dos centros de poder etc.

Doutra banda, unha historia non androcéntrica implica reformular conceptos historiográficos fundamentais como **traballo, violencia, progreso ou democracia**, por exemplo, que foron definidos convencionalmente en masculino, para ampliar, e en ocasións flexibilizar, as súas marxes, insistindo na diversidade das experiencias dos seres humanos no pasado. Pode, por exemplo insistirse na importancia do traballo non recoñecido, nas experiencias das mulleres como axentes de violencia, no significado do progreso para os grupos subordinados ou no cuestionamento do uso do

termo «democracia» cando se exclúen numerosos individuos, entre moitos outros aspectos.

Unha pedagogía feminista da historia ten que dar a coñecer tamén as mulleres singulares, os colectivos de mulleres e as persoas con identidades non normativas e analizar os seus proxectos e actividades, así como as diferentes estratexias desenvolvidas por individuos e grupos sociais. Tanto nas materias específicas sobre historia e xénero como nas xeneralistas, cabe nomear e percorrer xenealoxías, recoñecer tradicións e admitir límites. Ao tempo, cómpre cuestionarse os saberes herdados, facer patentes esquematismos, binarismos e estereotipos que clasifican os seres humanos de maneira pouco rigorosa e abrir interrogantes que permitan forxar un espírito crítico, aceptar a diferenza e reflexionar non só sobre o pasado senón tamén sobre o presente.

Desta maneira poderá concienciarse o alumnado das carencias dunha historia que non discute e, daquela, perpetúa as relacións de desigualdade e de poder xerarquizado, unha crítica que de forma crecente aflora nas aulas e que o mesmo alumnado expón actualmente.

## •• 04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na historia

### Obxectivos das materias/módulos

No plan de estudos do Grao en Historia da UA recóllense as seguintes competencias:

- a) **Competencia xeral 9.** Compromiso social coa pluralidade e diversidade de realidades da sociedade actual, desde o respecto aos dereitos fundamentais e a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de oportunidades, a non discriminación, a accesibilidade universal das persoas con discapacidade e os valores dunha cultura de paz e democracia.
- b) **Competencia específica 4.** Empregar con propiedade os conceptos, categorías, teorías e temas máis relevantes das diferentes ramas da investigación histórica (económica, social, política, cultural, de xénero, entre outras), así como apreciar a importancia que teñen para buscar os diversos contextos económicos, políticos, culturais e sociais.

A existencia destas dúas competencias posibilita a introdución de obxectivos amplos en varias materias xeneralistas, os cales, aínda que non aluden directamente ás relacións nin ás identidades de xénero, permiten incorporar a perspectiva de xénero e o feminismo, se o profesorado así o decide.

Velaquí algúns exemplos:

- a) Identificar as diversas formas de estruturación do poder nas sociedades do pasado.
- b) Forxar un espírito crítico para propiciar a discusión de problemas sociais, culturais e políticos.
- c) Distinguir as transformacións políticas, os movementos sociais e a incidencia que teñen nos cambios culturais.
- d) Situar os principais actores políticos relacionándoos coa súa contorna cultural, social e económica.



Por outro lado, o Grao en Historia da UA conta tamén cunha materia optativa de 4.º curso denominada Historia e Xénero cuxos obxectivos son estes:

- a) Comprender as achegas teóricas dos estudos das mulleres e de xénero na súa aplicación ao estudo da realidade histórica.
- b) Entender como o xénero actúa na construción de imaxes, discursos, sistemas normativos, modelos institucionais e formas de subxectividade.
- c) Adquirir os métodos, as técnicas e os instrumentos de análise para poder examinar criticamente as fontes históricas aplicando a perspectiva de xénero.
- d) Identificar a evolución das relacións de xénero en ámbitos económicos, sociais, políticos e culturais.
- e) Fomentar entre o alumnado perspectivas críticas encamiñadas a promover situacións sociais de igualdade entre homes e mulleres.

### Contidos das materias/módulos

No primeiro exemplo seleccionado, a materia **Historia e Xénero**, os contidos estruturáronse ao redor de varios módulos, o primeiro dos cales comprende diversos temas teóricos e metodolóxicos que introducen o alumnado nos conceptos básicos da historia de xénero (androcentrismo, patriarcado, xénero, axencia, interseccionalidade...), a distinción entre historia de xénero e historia das mulleres, a evolución historiográfica da historia de xénero, os principais debates metodolóxicos da materia e as orientacións básicas para a análise das fontes para a historia de xénero e das mulleres.

Estes contidos pretenden aproximar o alumnado ao coñecemento dos avances na disciplina historiográfica e convidalos a reflexionaren sobre as carencias que poden observar na experiencia como discentes, para ofrecerlles alternativas de futuro na investigación e na docencia no ensino secundario, que son as súas principais saídas profesionais.

Un segundo módulo da materia céntrase na experiencia das mulleres e dos homes na Idade Media, desde unha formulación temática que subliña

as xerarquías existentes entre mulleres e homes e a fortaleza dos discursos relixioso, legal ou médico, pero tamén as estratexias desenvolvidas polos colectivos subalternos, con unidades centradas en redes familiares; o traballo e a transmisión do saber técnico nos ámbitos rural e urbano; os espazos públicos e os espazos privados como organismos de poder e centros de produción e reprodución social; os discursos ideolóxicos e as realidades sociais de mulleres e homes na ordenación política e, finalmente, o pensamento, a relixiosidade, a cultura e o xénero.

En terceiro lugar, un módulo aborda as relacións de xénero na Idade Contemporánea cunha perspectiva cronolóxica, xa que trata os principais cambios nas identidades de xénero entre os séculos XIX e XXI, con especial fincapé nos discursos de xénero das culturas políticas contemporáneas, a desigual presenza de mulleres e homes nas mobilizacións sociais, a evolución do pensamento feminista e as tres vagas do movemento das mulleres, desde as orixes do feminismo e o sufraxismo até os debates feministas actuais.

Con estes dous últimos módulos, preténdese dar a coñecer ao alumnado dúas opcións diferentes e igualmente válidas para abordar a historia de xénero nas aulas de secundaria, así como expor os principais debates historiográficos na materia, que poden orientar futuras investigacións.

Na materia **Historia Universal do Século XX**, os contidos de xénero aparecen de maneira transversal. En concreto, abórdase o impacto da Primeira e a Segunda Guerra Mundial na configuración da masculinidade e a feminidade, e a diversa experiencia de mulleres e homes nestas contendas, para convidar a reflexionar sobre a necesidade de repensar o concepto de guerra, que concirne non só aos exércitos, cunha presenza crecente de mulleres, senón tamén á poboación civil, que é vítima da destrución militar, mais tamén forma parte do esforzo bélico das nacións en loita. Tamén se alude á propaganda de guerra que utiliza alegorías e discursos con connotación de xénero.

Cando se explican procesos revolucionarios como o de 1917 en Rusia ou o que triunfa en 1949 en China, trátase a presenza de colectivos de

mulleres nas mobilizacións e as políticas de xénero dos partidos comunistas cando conseguen o poder, coas súas contradicións entre tradición e modernidade, que axudan a cuestionar o concepto de revolución.

Ao estudar a época entre guerras, pola súa vez, insísteuse nos importantes cambios xurdidos nas identidades de xénero coa «nova muller moderna», a visibilidade da homosexualidade e os avances no sistema democrático debido ás demandas sufraxistas. Tamén hai que estudar a reacción que en termos de xénero supuxo o fascismo, con políticas feminizadoras e antifeministas, cuxo obxectivo era reimplantar o modelo de familia patriarcal e unha lexislación excluínte. Con iso propónse reflexionar sobre o alcance e os límites de conceptos como democracia e fascismo.

Na Guerra Fría abórdase como evolucionaron as políticas de xénero no mundo occidental e o crecente acceso das mulleres aos ámbitos educativos e laborais, o que se compara co que sucedía no bloque comunista. Este contraste fai aflorar contradicións e permite cuestionar conceptos como a democracia occidental e a democracia popular. No contexto do auxe dos novos movementos sociais trátanse o feminismo da segunda vaga e as principais pensadoras feministas do momento, así como a irrupción do movemento LGTB.

Por outro lado, ao abordar a evolución de espazos xeográficos como África ou o mundo musulmán após a descolonización, ponse de relevo a necesidade de poñer en dúbida formulacións negadas sobre a consideración das mulleres nas sociedades non occidentais e os cambios lexislativos que lles afectan, por exemplo ao estudar o paso dos proxectos políticos laicos ao islamismo. Na análise da nova orde internacional produto do fin da Guerra Fría, estúdanse as consecuencias canto ao xénero das novas guerras e os xenocidios e introdúcese algunhas referencias ao feminismo actual.

O terceiro exemplo elixido é a materia **Historia de España do Século XX**, en que de novo se propón incorporar de maneira transversal a historia de xénero. Nun primeiro bloque introdutorio sobre os principais debates e problemas do século XX español, incorpórase a perspectiva de xénero ao definir conceptos como os de democracia e ditadura, e trátase o uso de

imaxes e alegorías con contido de xénero tanto nos diferentes nacionalismos como no militarismo español, ademais de se exporen os debates sobre os discursos de xénero no catolicismo e o laicismo ou a presenza de mulleres e homes nas mobilizacións relixiosas e laicas. Nos bloques dedicados á evolución socioeconómica do país, aténdese á participación das mulleres nos diferentes sectores económicos e anímase a reflexionar sobre as dificultades de cuantificar o emprego feminino, adoito implantado en espazos informais, e a distinción entre traballo produtivo e reprodutivo.

Ademais, pódese aludir ás diferentes estratexias migratorias de mulleres e homes e á presenza dos dous colectivos na conflictividade social e no movemento obreiro, para cuestionar conceptos como o de «traballador», que con frecuencia se formulou en termos exclusivamente masculinos, e poñer de relevo as contradicións entre o discurso (igualitario) e as prácticas (moitas veces excluíntes) do sindicalismo do século XX e a interseccionalidade entre xénero e clase. A abordaxe das culturas políticas e os partidos tamén permite analizar cuestións como o uso de imaxes de xénero nas formulacións ideolóxicas, o axuste de colectivos de mulleres ou figuras femininas singulares e a demanda de dereitos específicos.

O estudo da ditadura de Primo de Rivera ou da ditadura franquista atende ás políticas de xénero destes réximes, cunha lexislación que restrinxiu dereitos sociais e políticos, pero tamén abriu de espazos de poder ás mulleres ideoloxicamente afíns. Esta contradición permite reflexionar sobre as complexas relacións entre os individuos e os réximes non democráticos, desde o apoio á oposición, pasando por unha ampla gama de actitudes sociais.

As guerras coloniais e a Guerra Civil son espazos privilexiados para facer fincapé en como o xénero impregna os discursos bélicos e nacionais, así como no tratamento que en ambos os casos se deu á presenza ou ausencia de mulleres e homes na fronte e a retagarda, o que fai posible superar unha interpretación restrinxida da guerra, para ampliála en termos de guerra total. Tamén permiten, en especial no primeiro caso, introducir a interseccionalidade entre xénero e raza. Finalmente, a análise das demo-

cracias da Segunda República e o réxime actual supón reflexionar sobre conceptos como os de cidadanía e democracia ao tratar o avance nos dereitos das mulleres e a eclosión da participación política de homes e mulleres, alén do auxe do movemento feminista tanto nos anos trinta como na década dos setenta.

### Avaliación das materias

Na avaliación cómpre atender non só aos coñecementos, senón tamén ás destrezas e os valores. Neste sentido, téñense que considerar elementos como os seguintes:

- a) O manexo dos principais conceptos dos estudos de xénero ou a interpretación desde un enfoque de xénero dos conceptos básicos da materia, tendo en conta de maneira especial a súa contextualización histórica.
- b) A incorporación da pluralidade de experiencias das mulleres e os homes no pasado, atendendo á diversidade de subxectividades e identidades de xénero, co fin de superar visións esquemáticas e esencialistas ou determinismos históricos.
- c) As referencias da bibliografía especializada en historia de xénero e das mulleres.
- d) Unha lectura das fontes atenta aos discursos normativos e non normativos de xénero.
- e) O interese por introducir suxeitos históricos subordinados no relato histórico, para cuestionar interpretacións androcéntricas e incluír a interseccionalidade.

Nas materias xenéricas, estas capacidades pode avaliarse mediante probas cun mínimo de cuestións relativas á historia das mulleres e de xénero, en exames de desenvolvemento ou de tipo test. Nos tests cómpre formular preguntas sobre personaxes ou feitos históricos destacados que inclúan mulleres, a definición correcta de conceptos ou a incorporación da experiencia das mulleres e colectivos subalternos en procesos históricos. Os exames de desenvolvemento permiten as comparacións, as formulacións

diacrónicas en que se pode apreciar a evolución de determinados procesos, a aplicación de conceptos, a análise das fontes cun enfoque de xénero, a crítica á supervivencia de estereotipos etc.

Tanto nestas probas como na práctica diaria na aula e na avaliación continua deben valorarse aspectos como:

- a) o uso dunha linguaxe inclusiva, que evite o masculino xenérico;
- b) o respecto das opinións diferentes ás propias e a predisposición para dialogar;
- c) a capacidade de empatía cos seres humanos do pasado e co resto do alumnado;
- d) a aceptación de principios igualitarios e da diversidade.

### Modalidades organizativas das dinámicas docentes

Nas aulas universitarias dos graos de historia, a presenza de mulleres e homes entre o alumnado é bastante equilibrada, malia existir certo predominio destes últimos. As dinámicas que se establecen con frecuencia reproducen relacións patriarcais, no sentido de que é usual que os que máis interveñen nas clases teóricas e nos seminarios sexan sobre todo os homes, que ademais expresan as súas opinións con rotundidade. É importante, xa que logo, que o profesorado convide a participar as alumnas e lles conceda importancia ás súas ideas, para esvaecer posibles sentimentos de inseguridade. Tamén convén coidar o uso da linguaxe verbal e non verbal, tanto do profesorado como do alumnado, co fin de evitar exclusións.

Outro elemento para salientar son os materiais utilizados na aula, do mesmo xeito que as imaxes proxectadas nas clases teóricas ou prácticas, que convén seleccionar e analizar tendo en conta un enfoque de xénero. Así, os textos históricos deben ser interpretados en función dos discursos de xénero da época en que foron escritos; ademais pode tentarse incorporar textos de autoría feminina ou que aludan á experiencia histórica das mulleres. No caso das imaxes, cómpre procurar non trasladar ao alumnado estereotipos de xénero (por exemplo, na prehistoria os homes cazaban e as mulleres tiñan coidado dos fillos e dos enfermos), introducir imaxes de

mulleres e de colectivos subordinados, ou analizar por que estes non aparecen en numerosas imaxes históricas.

Ao establecer dinámicas de grupo nas clases prácticas e nos seminarios, pode favorecerse a creación de grupos mixtos en que o liderado e a portavocía sexan rotatorios ou compartidos entre mulleres e homes. Nas exposicións na clase de traballos elaborados en grupo, as imaxes e ideas recollidas nas presentacións deben reflectir a diversidade de experiencias de mulleres e de homes no pasado. Ademais, hai que animar a todas as persoas que o integran a tomar a palabra. O mesmo convén facer nas titorías grupais para evitar que a atención do profesorado se centre só nunhas cantas persoas. Nas titorías individuais, presenciais ou virtuais, pódese reforzar a autoestima e confianza do alumnado, atendendo ás necesidades especiais expostas desde o respecto e a empatía.

### Métodos docentes

As clases teóricas permiten introducir conceptos teóricos propios dos estudos de xénero e cuestións que afectan a mulleres e persoas con identidades non normativas, ou que convidan a reflexionar sobre o rumbo heteropatriarcal dos discursos históricos e a ausencia de numerosos colectivos na narración histórica convencional.

Nos seminarios hai a opción de escoller textos de lectura académica que poden reformular visións limitadas do pasado, por exemplo, para contrastar a experiencia de mulleres e homes nas representacións pictóricas prehistóricas, nos sistemas políticos da antigüidade, na vida cotiá medieval, nos espazos de poder da Idade Moderna ou nos ámbitos de traballo e mobilización social contemporáneos. O debate e a reflexión na aula a partir destas lecturas son susceptibles de abrir novas miradas, igual que cando nos preguntamos polas ausencias ou os discursos estereotipados noutro tipo de lecturas.

Os estudos de casos e as prácticas de interpretación e análise de fontes históricas convidan a examinar de maneira crítica o uso da linguaxe en cada época histórica como os homes poderosos e líderes están sobrerre-

presentados, en detrimento doutros colectivos e outras experiencias históricas. Os textos de autoría feminina, como os escritos de mulleres intelectuais de diferentes etapas históricas ou as voces de mulleres populares que poden rastrexarse en documentos de diversa índole, poden axudar a cuestionar visións tradicionais; tamén deben sinalarse as contradicións e límites destes textos ao cruzar a categoría de xénero con outros presentes no contexto histórico que se estuda. A cultura material ofrece tamén numerosas posibilidades coa análise dos usos dos obxectos ou das imaxes que contén.

Existe ademais un extenso corpus de material audiovisual de contido histórico (cinema, documentais, blogs etc.), xunto coa literatura, que pode ser analizado aplicando a metodoloxía básica da historia de xénero e das mulleres.

Por último, os traballos de campo ofrecen interesantes oportunidades de reflexión sobre a historia de xénero. Por exemplo, pódese analizar o discurso subxacente nos museos de contido histórico que adoitan representar a mulleres e homes de maneira arquetípica, aínda que tamén ofrecen pezas que axudan a desenvolver novas formulacións igualitarias. A visita a xacementos arqueolóxicos ou edificios emblemáticos dunha época ou dun proceso concreto convida a poñer en dúbida o relato histórico tradicional, para trazar itinerarios alternativos que recollen a experiencia dos suxeitos históricos menos representados.



## •• 05. Recursos docentes

Poden atoparse interesantes recursos docentes orais, escritos e visuais, amais de suxestivas reflexións ao redor do seu uso, nas seguintes publicacións e ligazóns:

### Publicacións

AGUADO, Ana M.<sup>a</sup>; CAPEL, Rosa M.<sup>a</sup>; GONZÁLEZ, M.<sup>a</sup> Teresa; MARTÍNEZ, Cándida; NASH, Mary; NIELFA, Gloria; ORTEGA, Margarita; PASTOR, Reyna; RAMOS, M.<sup>a</sup> Dolores; RODRÍGUEZ, M.<sup>a</sup> Xosé; TAVERA, Susanna e UGALDE, Mercedes (1994). *Textos para la historia de las mujeres en España*. Madrid: Cátedra.

BALLARÍN, Pilar; BIRRIEL, Margarita; MARTÍNEZ Cándida e ORTIZ, Teresa (s. d.). *Las mujeres y la historia de Europa*. <https://bit.ly/2xlcHKD>.

CABALLÉ, Anna (dir.) (2003). *La vida escrita por las mujeres. Obras y autoras de la literatura hispánica e hispanoamericana*. Barcelona: Círculo de Lectores.

CENTRE DE RECERCA DE DONES DUODA (2005). *La diferència de ser dona: recerca i ensenyament de la història* [CD-Rom]. Barcelona: Universidade de Barcelona.

DE LA ROSA, Cristina; DUEÑAS, M.<sup>a</sup> Jesús; DEL VAL, M.<sup>a</sup> Isabel e SANTO TOMÁS, Magdalena (coords.) (2010). *Innovación educativa e historia de las relaciones de género*. Valladolid: Universidade de Valladolid.

DE LA ROSA, Cristina; DUEÑAS, M.<sup>a</sup> Jesús; DEL VAL, M.<sup>a</sup> Isabel e SANTO TOMÁS, Magdalena (coords.) (2007). *Nuevos enfoques para la enseñanza de la historia. Mujer y género ante el espacio europeo de educación superior*. Madrid: Asociación Cultural Al-Mudayna.

FERNÁNDEZ, Antonia (2008). «La pintura en la enseñanza de la historia: una perspectiva de género», en HENRIQUES, Fernanda (ed.), *Género, Diversidade, Cidadania* (78-87). Lisboa: Edições Colibri/CIDEHUS-UE.

- FERNÁNDEZ, Antonia (2004a). «Las mujeres como sujeto histórico: género y enseñanza de la historia». *Didáctica de las ciencias experimentales y sociales*, 18: 5-24.
- FERNÁNDEZ, Antonia (2004b). «El género como categoría de análisis en la enseñanza de las Ciencias Sociales», en VERA-MUÑOZ, M.<sup>a</sup> Isabel e PÉREZ, David (coords.), *Formación de la ciudadanía: las TICs y los nuevos problemas*. Alacant: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes.
- FETE ENSEÑANZA (2013). *Un recorrido por la historia de las mujeres*. <https://bit.ly/2ynEgho>.
- GALLEGO, Henar e MORENO, Mónica (eds.) (2017). *Cómo enseñamos la historia (de las mujeres)*. Barcelona: Icaria.
- HISTORYEXTRA (2018). *100 Women who changed the World*. <https://bit.ly/2wVSMaY>.
- JAGOE, Catherine; BLANCO, Alda e ENRÍQUEZ, Cristina (1998). *La mujer en los discursos de género. Textos y contextos en el siglo XIX*. Barcelona: Icaria.
- JOHNSON, Roberta (2012). *Antología del pensamiento feminista español*. Madrid: Cátedra.
- MARTÍNEZ, Cándida; PASTOR, Reyna.; DE LA PASCUA, M.<sup>a</sup> Jose e TAVERA, Susanna (dirs.) (2000). *Mujeres en la historia de España. Enciclopedia biográfica*. Barcelona: Planeta.
- MINISTÉRIO DA EDUCAÇÃO (2011). *Cadernos SACAUSEF VIII: Género e Recursos Educativos Digitais*. Lisboa: Ministério da Educação.
- MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE E IBERMUSEOS (2016). *La memoria femenina: mujeres en la historia, historia de las mujeres*. <https://bit.ly/2VDBnMo>.
- MONTOYA, M.<sup>a</sup> Milagros (2006). «La historia verdadera». *Duoda: Revista d'estudis feministes*, 31: 181-186.
- RIVERA, M.<sup>a</sup> Milagros (1990). *Textos y espacios de mujeres. Europa, S. IV-XV*. Barcelona: Icaria.

### Páxinas web

Fábrica de la Memoria. Recuperación de la historia de las mujeres

<https://bit.ly/2KjT66p>

La huella de las mujeres en la historia (ONU)

<https://bit.ly/2VHri16>

Mujeres en Red

<https://bit.ly/3agGpDL>

Mujeres en la historia (RTVE)

<https://bit.ly/2VldhjA>

Mujeres en la historia

<https://bit.ly/2VBRGcC>

Museos de mulleres

<https://bit.ly/2ROWGcU>

The History Learning Site. The Role of British Women

<https://bit.ly/2RPuiHw>

National Women's History Alliance

<https://bit.ly/34LeYB2>

Una historia de mujeres

<https://bit.ly/3cuVZx5>

TeacherVision: Women's History Videos & Activities

<https://bit.ly/2wQSL89>

## •• 06. Ensinar a facer buscas sensibles ao xénero

No deseño e elaboración ben dun TFG ou un TFM, ben dunha investigación de historia que inclúa o xénero de maneira transversal, cómpre ter en conta certos aspectos para lle expor ao alumnado.

En primeiro lugar, na selección de obxecto de estudo débese animar a reflexionar sobre a presenza de mulleres e homes no proceso ou feito que se someterá a exame, e, se existe desequilibrio, meditar sobre as causas desta situación, analizar os discursos desde un enfoque de xénero, pescudar as relacións que se establecen entre mulleres e homes en termos de igualdade ou de xerarquía, deducir as consecuencias que para mulleres e homes supón o obxecto de estudo escollido ou pescudar se o xénero se converte nun elemento significativo na análise doutras relacións de poder, entre outras propostas.

En segundo lugar, para formular a hipótese de partida e formular os obxectivos cabe suxerir a inclusión neles das cuestións antes mencionadas na medida do posible.

En terceiro lugar, é importante insistir en que a consulta da bibliografía especializada sobre o obxecto de estudo debe incorporar aquela que aborde aspectos de xénero, o que permitirá coñecer o marco legislativo e simbólico da época e os discursos normativos, así como os avances académicos ou os baleiros no coñecemento sobre a presenza e o protagonismo de mulleres e homes no contexto elixido.

En cuarto lugar, a selección e a análise das fontes primarias tamén pode obedecer a un enfoque de xénero. A fase de selección de fontes, tanto de tipo material como escritas ou orais, permite reflexionar sobre a experiencia de mulleres e homes e sobre os discursos de xénero explícitos ou implícitos. Neste sentido, débese procurar atopar fontes emanadas de colectivos subalternos ou que dan información sobre eles, isto é, documentos, obxectos ou testemuños de mulleres e persoas con identidades non normativas. Tamén cómpre deseñar mostras, por exemplo, nas entrevistas orais, que reflectan un equilibrio de xénero.

Na fase de análise das fontes cobra grande importancia non só analizar a documentación en que aparecen mulleres e homes, senón tamén volver sobre aquelas fontes que nunha primeira lectura só parecen proporcionar información sobre os homes, para preguntarse sobre as causas disto, os valores que patentan esta selección e a linguaxe usada.

En termos xerais, o estudo das fontes debe desagregar por sexos os datos cuantitativos, co obxecto de detectar a participación de homes e mulleres nos procesos estudados e ofrecer interpretacións sobre esta realidade. Débese prestar atención ao protagonismo e á participación de mulleres e de homes nos traballos sobre economía, dinámicas sociais, propostas políticas ou manifestacións culturais, co fin de colocalos en cada contexto histórico, para evitar o risco de desenvolver interpretacións históricas.

De igual maneira, hai que insistir na complexidade das reaccións humanas e fuxir do binomio vítima-heroína, así como de todo tipo de esencialismos; cómpre admitir a posible existencia de contradicións, límites e matices nas opinións e actuacións dos individuos. Na medida do posible, pode introducirse a interseccionalidade para reflexionar sobre as diferentes formas de xerarquización social da época examinada, incluíndo o xénero.

Ademais, a análise do discurso pode atender a estes aspectos: a descrición que ofrecen as fontes de como son ou deberían ser as mulleres e os homes; a atención a voces pouco representadas, xa sexan masculinas ou femininas; o recurso ao xénero como elemento que reforza outros mecanismos de poder; o uso do masculino xenérico e a dificultade que supón para distinguir as mulleres e os homes reais que están detrás desta linguaxe, entre outros.

En quinto lugar, ten que se facer fincapé no feito de que a redacción do traballo final debe prestar atención a aspectos como o uso dunha linguaxe inclusiva, a desagregación de datos cuantitativos por sexo tanto en cadros como en gráficos, o emprego de imaxes que reflectan a diversidade das sociedades humanas e as experiencias históricas, o foco na presenza de voces e opinións de colectivos subalternos ou minoritarios, a atención á

pluralidade e heteroxeneidade de experiencias históricas, a exposición das complexas relacións entre individuo e norma, a capacidade de axencia das mulleres e os homes estudados e as diferentes estratexias de que se serven. As referencias bibliográficas deben evidenciar a autoría de historiadoras, polo que, aínda que se utilice o sistema APA de citación, desenvólvense as iniciais dos nomes de autores e autoras das obras que se consultasen.

Finalmente, para dar a coñecer o traballo de investigación realizado, pódense presentar comunicacións e pósteres en congresos xerais (por exemplo, de asociacións especializadas en diferentes épocas históricas) ou naqueles acontecementos centrados na historia de xénero e das mulleres como a Asociación Española de Investigación de Historia das Mulleres (AEIHM) ou a International Federation for Research in Women's History (IFRWH). Tamén existen publicacións específicas, tanto revistas (*Arenal. Revista de Historia de las Mujeres; Gender & History; Cuestións de Xénero; Clepsydra: revista de estudios del género y teoría feminista; Asparkía; Feminismo/s; European Journal of Women's Studies* etc.), como coleccións de xénero en editoriais de prestixio, como Cátedra, Icaria ou Fundamentos. Con todo, as revistas académicas de historia tamén publican traballos con perspectiva de xénero.

Outra maneira de difundir os traballos do alumnado son os premios de investigación con perspectiva de xénero. O máis importante é o que convoca a AEIHM para teses de doutoramento. Para TFM cabe mencionarmos o Premio Presen Sáez do Centro de Coordinación dos Estudos de Xénero das Universidades Públicas Valencianas ou os que convocan as propias universidades.

## •• 07. Recursos pedagógicos

### Webgrafía

Asociación Española de Investigación en Historia de las Mujeres (AEIHM)

<https://bit.ly/3eAOJSo>

International Federation for Research in Women's History (IFRWH)

<https://bit.ly/2VoEclP>

Arenal. *Revista de Historia de las Mujeres*

<https://bit.ly/3eviGTM>

Xarxa "Universitat, docència, gènere i igualtat" de la Universitat d'Alacante

<https://bit.ly/2Ku4L2J>

### Bibliografía de referencia

ANDERSON, Bonnie e ZINSSER, Judith (2000). *Historia de las mujeres. Una historia propia*. Barcelona: Crítica.

BOCK, Gisela (2001). *La mujer en la historia de Europa. De la Edad Media a nuestros días*. Barcelona: Crítica.

DUBY, Georges e PERROT, Michelle (dirs.) (2001). *Historia de las mujeres en Occidente*. Madrid: Taurus.

FAURÉ, Christine (dir.) (2010). *Enciclopedia histórica y política de las mujeres. Europa y América*. Madrid: Akal.

GARRIDO, Elisa (ed.) (1997). *Historia de las mujeres en España*. Madrid: Síntesis.

MORANT, Isabel (2006). *Historia de las mujeres en España y América Latina*. Madrid: Cátedra.

PÉREZ-FUENTES, Pilar (ed.) (2012). *Entre dos orillas: las mujeres en la historia de España y América Latina*. Barcelona: Icaria.

SCOTT, Joan W. (2008). *Género e historia*. México: Fondo de Cultura Económica.

- ROSE, Sonya O. (2012). ¿Qué es historia de género? Madrid: Alianza.
- THÉBAUD, Françoise (2014). *Escribir la historia de las mujeres y del género*. Oviedo: KRK.

### Plans docents

AEIHM

<https://bit.ly/34YPLDr>

<https://bit.ly/2XMun2p>

Unidade de Igualdade da Universidade de Alacant

<https://bit.ly/2Kh4pvZ>

Historia e Xénero (Universidade de Barcelona)

<https://bit.ly/2yruciq>

Mulleres e Homes na Historia (Universidade de Valencia)

<https://bit.ly/3ewsn4h>

Xénero e Historia (Universidade de Murcia)

<https://bit.ly/34PHjpR>



## •• 08. Para afondar

Asociación Universitaria de Estudos das Mulleres (AUDEM)

<https://bit.ly/3eyAgGv>

Centros de investigación en universidades

<https://bit.ly/3bnrZmO>

Rede de Centros de Documentación e Bibliotecas de Mulleres

<https://bit.ly/2VEOgGa>

International Research Association of Institutions of Advanced Gender Studies (RINGS)

<https://bit.ly/3eC5kVG>

European Platform of Women Scientists (EPWS)

<https://bit.ly/3bmV55O>

The European Association for Gender Research, Education and Documentation (ATGENDER)

<https://bit.ly/2ynMYYa>

## GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

A incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria segue a ser un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo e estatal. Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero é unha política integral orientada a promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes prexuízos. Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible á incorporación da perspectiva de xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado, e mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re)producidas. Sobre estas bases e a estes obxectivos conságrase a colección de guías temáticas elaboradas pola Xarxa Vives d'Universitats e agora trasladadas á lingua galega, no marco das iniciativas financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e desenvolvidas polas unidades de igualdade do Sistema Universitario Galego.

### Ciencias da Computación

PALOMA MOREDA POZO

### Dereito e Criminoloxía

M. CONCEPCIÓN TORRES DÍAZ

### Educación e Pedagogía

MONTSERRAT RIFÀ VALLS

### Filoloxía e Lingüística

MONTSERRAT RIBAS BISBAL

### Filosofía

SONIA REVERTER-BAÑÓN

### Física

ENCINA CALVO IGLESIAS

### Historia

MÓNICA MORENO SECO

### Historia da Arte

M. LLÜISA FAXEDAS BRUJATS

### Medicina

MARÍA TERESA RUIZ CANTERO

### Psicoloxía

ESPERANZA BOSCH FIOLE  
SALUD MANTERO HEREDIA

### Socioloxía, Economía e Ciencia Política

ROSA MARIA ORTIZ MONERA  
ANNA MARIA MORERO BELTRÁN

Xarxa Vives  
d'universitats



galegía



Xacobeo 2021



XUNTA  
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universida de Vigo